



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO CONCELLO PLENO DO 29.09.2014**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene, A Coruña, cando son as 8.48 h. do 29.09.2014 e baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do concello ao obxecto de realizar sesión extraordinaria urxente.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Alejandro Dopico Rodríguez, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Iván Puentes Rivera, Antón Lois Noceda Carballo, Amalia García Balado, María Carmen Silvar Canosa, José Antonio López Rodríguez, Juventino José Trigo Rey, Rita María Couto Seijido, Manuel Polo Gundín, Inés Roca Requeijo, Justo Martínez Ardá e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario en réxime de acumulación:

Alejandro Antelo Martínez

Interventora municipal:

Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión**

A continuación toma a palabra o alcalde para dicir que a urxencia deste Pleno vén motivada pola necesidade de aprobar distintos proxectos e da aprobación da conta xeral antes do 30.09.2014.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que rógalle ao alcalde que no futuro, antes das votacións que precisen maioría absoluta, llo lembre para ter en conta nas votacións. Non obstante, o partido socialista, respecto da urxencia e do resto dos asuntos que requiren a maioría absoluta vai prestar o apoio mínimo e imprescindible para que saían cara adiante.

**Sometida a urxencia da sesión a votación foi aprobada por maioría absoluta, por 10 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal) e 7 abstencións, (3 do grupo municipal socialista e 4 do grupo municipal do BNG).**

### **2. Aprobación, se procede, da aprobación da conta xeral exercicio 2013**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 2 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións, (1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 22.09.2014:

“PROPOSTA DE ACORDO DE APROBACION DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2013

O presente expediente ten por obxecto a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013 do Concello de Fene.

Cumprimentado o trámite legal de exposición ó público de dita Conta Xeral previsto no art. 212 do TRLRFL, aprobado por RDL2/2004, de 5 de marzo e non habéndose presentado ningunha reclamación, procede elevar ó Pleno, co dictame favorable da Comisión Informativa de Contas a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobación a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2013 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.

Fene, a 10 de setembro de 2014.  
O Alcalde  
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal.”

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 11 abstencións (5 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Aprobación a Conta Xeral do Concello de Fene correspondente ó exercicio 2013 nos termos que constan no expediente, integrada polas contas anuais do Concello así como pola documentación complementaria legalmente establecida.**

**3. Dación de conta do cumprimento do artigo 218 do Real decreto lei 2/20014, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais**

Os concelleiros danse por informados.

**4. Aprobación, se procede, da modificación do anexo I das bases de execución do presuposto do exercicio 2014**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor grupo municipal do PP e 5 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Logo de ver a proposta de modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014 asinada pola Concelleira Dona Rocío Bértoa Puente que se une ó presente expediente.

Pola Intervención municipal emitíuse informe favorable con data de 25/09/2014.

Por todo o anterior, esta Alcaldía presenta a seguinte proposta de acordo ó Pleno da Corporación para que, previo o dictamen da Comisión de Facenda, se proceda á adopción dos seguintes acordos:

1º Proceder á modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014 de modo que se produza a baixa a subvención nominativa consignada a favor da Asociación Cultural Os Centolos para a organización do Fenerock por un importe máximo de 4000,00 €.

Como consecuencia da modificación citada, o Anexo I no seu apartado 2º quedaría como segue:

2º Con cargo á aplicación orzamentaria 2014/334/48900 cun crédito global de 14.000,00 € abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
- A VV Magalofes (G15150410)	1.000,00	Organización festa do potro
-AVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)	1000,00	Organización festa da orella
-Asociación Cultural Felicia (G15806037)	4.000,00	Organización Felipop 2014
-CMI Unidade De Fene (G15040033)	1000,00	Oganización Premio Pérez Parallé
-Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene (G15136690)	4.000,00	Organización xuntanza gaiteiros

- O Pote de Maniños (G15088453)	500,00	Organización festa ameixa
- CRD O Pote Maniños (G15088453)	2500,00	Romaría do Pote

2º Ordenar a publicación no BOP por prazo de quince días hábiles da modificación citada de maneira que durante dito prazo os interesados poidan examinar a documentación e presentar as reclamacións ante o Pleno. Para o caso de que non se houberan presentado reclamacións durante dito prazo, entenderase aprobado definitivamente a modificación, noutro caso o Pleno disporá do prazo dun mes para a súa resolución.

Fene, a 25 de setembro de 2014.

O Alcalde

Gumersindo P. Galego FEal"

Abre o debate o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que o seu grupo vaise abster, sendo conscientes de que isto facilita a aprobación do asunto. Alégrase de que o PP se dese conta de que aquela decisión de adiantar cartos ou devolver créditos aos bancos agora se dea conta de que hai gastos que non poden esperar e que se usen dos créditos que xa están dispoñibles e non se adianten a súa devolución.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro José Antonio López Rodríguez, cando son as 8.55 h.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por simple absoluta por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Proceder á modificación do Anexo I das Bases de Execución do Orzamento de 2014 de modo que se produza a baixa a subvención nominativa consignada a favor da Asociación Cultural Os Centolos para a organización do Fenerock por un importe máximo de 4000,00 €.**

**Como consecuencia da modificación citada, o Anexo I no seu apartado 2º quedaría como segue:**

**2º Con cargo á aplicación orzamentaria 2014/334/48900 cun crédito global de 14.000,00 € abonaranse, como máximo as seguintes cantidades:**

ENTE SUBVENCIONADO	IMPORTE MAXIMO	OBXETO
- A VV Magalofes (G15150410)	1.000,00	Organización festa do potro
-AVV Santa Eulalia de Limodre (G15357056)	1000,00	Organización festa da orella
-Asociación Cultural Felicia (G15806037)	4.000,00	Organización Felipop 2014
-CMI Unidade De Fene (G15040033)	1000,00	Oganización Premio Pérez Parallé
-Banda de Gaitas Tradicional Airiños de Fene (G15136690)	4.000,00	Organización xuntanza gaiteiros
- O Pote de Maniños (G15088453)	500,00	
- CRD O Pote Maniños (G15088453)	2500,00	Organización festa ameixa Romaría do Pote

**2. Ordenar a publicación no BOP por prazo de quince días hábiles da modificación citada de maneira que durante dito prazo os interesados poidan examinar a documentación e presentar as reclamacións ante o Pleno. Para o caso de que non se houberan presentado reclamacións durante dito prazo, entenderase aprobado definitivamente a modificación, noutro caso o Pleno disporá do prazo dun mes para a súa resolución.**

**5. Aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito núm. 2/2014**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor grupo municipal do PP e 5 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 2/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas. Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 02/2014 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos e RTGFA por un importe global de 40000,01 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicación orzamentarias que se incrementan mediante o suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/C14/61900	Estradas. Obras aglomerado Camiño Campanario	7952.60
453/C7/61900	Estradas. Obras aglomerado camino Almieiras	17350.92
453/C8/61900	Estradas. Obras camino Ladeiro e outros	14696.49

O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 40000.01 EUROS.

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGFA procedente das desviacións de financiación positivas dos seguintes proxectos de gasto e que foron financiados cos préstamos concertados nos exercicios 2005 e 2010 co BBVA , previo cambio de finalidade dos préstamos.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		RTE. INCORPORADO 2014	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	FINANCIACION RTE.
CODIGO	DENOMINACION				
453/1f/60103	Obras POS 2009	12884.33	12884.33	0.00	RTGFA
920/1t/62500	Adquisición mobiliario	427.08	427.08	0.00	RTGFA
334/1m/62500	Proxectores e equipamento museo humor	2300,00	2300	0.00	RTGFA
151/1v/60000	Adquisición de terrenos	1198.42	1198.42	0.00	RTGFA
453/B4/61900	Obras acceso camino polígono Vilar do Colo	15.08	15.08	0.00	RTGFA
171/B2/61900	Obras proxecto obradoiro de emprego Ares - Fene 2013/2014	17125.88	17125.88	0.00	RTGFA

-Proponse que a financiación se realice con baixas por anulación de créditos por importe de 6049.22 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Adquisición terreos	67582.14	6049.22	61532.92	Crédito sobrante

O importe total da modificación proposta ascende a 40000,01 €.

A efectividade do expediente queda condicionado á adopción do acordó polo Pleno da corporación de cambio de finalidades dos préstamos concertados co BBVA nos exercicios 2005 e 2010.

2º.- Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 2/2014 con RTGFA por importe de 33950.79 € e con baixas por anulación de créditos por importe de 6049.22 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 25 de setembro de 2013.  
O ALCALDE  
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que o expediente é para acometer unhas obras nos camiños de Campanario, Almieiras, Ladeiro e outros.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Aprobar o expediente nº 02/2014 de suplemento de crédito financiados con baixas por anulación de créditos e RTGFA por un importe global de 40000,01 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :**

**Aplicación orzamentarias que se incrementan mediante o suplemento de crédito:**

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
453/C14/61900	Estradas. Obras aglomerado camiño Campanario	7952.60
453/C7/61900	Estradas. Obras aglomerado camiño Almieiras	17350.92
453/C8/61900	Estradas. Obras camiño Ladeiro e outros	14696.49

**O importe total da modificación proposta ascende á cantidade de 40000.01 EUROS.**

**Medios de financiación do gasto.-**

**-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGFA procedente das desviacións de**

financiación positivas dos seguintes proxectos de gasto e que foron financiados cos préstamos concertados nos exercicios 2005 e 2010 co BBVA, previo cambio de finalidade dos préstamos.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		RTE. INCORPORADO 2014	DISMINUCIO N	CREDITO DEFINITIVO	FINANCIACIO N RTE.
CODIGO	DENOMINACION				
453/1f/60103	Obras POS 2009	12884.33	12884.33	0.00	RTGFA
920/1t/62500	Adquisición mobiliario	427.08	427.08	0.00	RTGFA
334/1m/62500	Proxectores e equipamento museo humor	2300,00	2300	0.00	RTGFA
151/1v/60000	Adquisición de terreos	1198.42	1198.42	0.00	RTGFA
453/B4/61900	Obras acceso camiño polígono Vilar do Colo	15.08	15.08	0.00	RTGFA
171/B2/61900	Obras proxecto obradoiro de emprego Ares - Fene 2013/2014	17125.88	17125.88	0.00	RTGFA

-Proponse que a financiación se realice con baixas por anulación de créditos por importe de 6049.22 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCIO N	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Adquisición terreos	67582.14	6049.22	61532.92	Crédito sobrante

O importe total da modificación proposta ascende a 40000,01 €.

A efectividade do expediente queda condicionado á adopción do acordo polo Pleno da corporación de cambio de finalidades dos préstamos concertados co BBVA nos exercicios 2005 e 2010.

2. Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 2/2014 con RTGFA por importe de 33950.79 € e con baixas por anulación de créditos por importe de 6049.22 €.

3. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no taboleiro de edictos deste Concello.

4. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas sustanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

**6. Aprobación, se procede, do expediente de modificación da finalidade do préstamo formalizado no Banco de Crédito Local no 2005 núm. 1/2014**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor grupo municipal do PP e 5 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do



BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a providencia da Alcaldía de 25 de setembro na que se expoñen a necesidade e motivos para acordar unha desafectación parcial do préstamo concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005.

Considerando que o presente expediente tramítase paralelamente ó expediente de suplemento de crédito nº 2/2014, expediente no que se propón o incremento de determinadas aplicacións orzamentarias para facer fronte a determinados gastos cuxa execución non pode demorarse ó vindeiro exercicio e para as que non existe crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no orzamento de 2014.

Así, con data de 9/07/2014 tivo entrada neste concello o convenio asinado coa Deputación Provincial en virtude do cal se establecen as bases de colaboración para a financiación das obras “Camiño de Ladeiro e Outros”. O importe do proxecto é de 73482.44 €. O convenio prevé que a financiación da Deputación sexa como máximo de 58798.95 € o que representa unha porcentaxe do 80% sendo necesario que o Concello efectúe, polo tanto, unha aportación do 20% restante. Esta aportación ascende a 14696.49 €.

Por outra banda, en relación coas obras do proxecto de aglomerado do camino de Almieiras na parroquia de Limodre, ó igual que no caso anterior, está asinado un convenio coa Deputación en data de 9 de xullo en virtude do cal esta entidade se compromete a unha financiación máxima do 80% do proxecto, isto é, de 69403.66 €, correspondendo ó concello a asunción do 20% restante (17350.92 €).

En último termo, en relación coas obras incluídas no proxecto Aglomerado no camino de Campanario na parroquia de Limodre, tamén existe un convenio asinado coa Deputación Provincial en data de 9 de xullo en virtude do cal a aportación económica desta entidade é do 80% do importe do proxecto, isto é, de 31810.38 € correspondendo ó concello a asunción do 20% restante (7952.60 €).

Considerando que a día de hoxe as obras de acceso ó polígono Vilar do Colo e obras incluídas no proxecto do obradoiro de emprego Ares-Fene 2013/2014 se atopan rematadas, obras que se atopaban financiadas parcialmente, trala aprobación do expediente de crédito extraordinario 4/2013, co préstamo concertado no ano 2005 co Banco de Crédito Local por un montante total de 700.000,00 €, faise necesario neste momento efectuar unha desafectación do citado préstamo por importe de 17140,96 € (importe non empregado do préstamo para estas finalidades) para poder facer fronte ás obras incluídas no proxecto de Aglomerado no camino do Campanario nun importe de 5839.26 € e obras incluídas no proxecto de aglomerado no camino de Almieiras e outros nun importe de 11301.70 €.

Resultando pois que existe un sobranche nos créditos afectados polo préstamo para a contratación das obras de accesos ó polígono industrial Vilar do Colo e obras do proxecto Obradoiro de emprego Ares-Fene 2013/2014.

E tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobrantes constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxecto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 euros:

1. Novas inversións a dotar:





Nº Proxecto/Aplic	Denominación	Importe (€)
453/C14/61900	Aglom. Cño. Campanario	5839.26
453/C7/61900	Aglom. Cño. Almieiras	11301.70
TOTAL-----		17140.96 €

## 2. Inversións substituídas polas anteriores:

Nª proxecto/Aplic.	Denominación	Importe (€)
453/B4/61900	Accesos polig. Vilar Colo	15.08 €
171/B2/61900	Obras prox. Obradoiro Ares Fene	17125.88 €
TOTAL-----		17140.96 €

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 25 de setembro de 2013  
O ALCALDE  
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase de usar partidas sobrantas que non se executaron en anos anteriores e que se utilizan para estas novas obras.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que agás que haxa un compromiso do goberno que non ven, non é razoable reducir nin un só céntimo na mellora dos parques infantís. Di que o estado dos parques infantís do Concello é bastante lamentable e así no último mes e medio producíronse dous accidentes. Así anuncia que o seu partido absterase se o goberno se compromete a repoñer os 1967,21 euros na partida destinada ao mantemento dos parques infantís.

Contesta o alcalde que non se diminúe ningunha partida de parques.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 10 abstencións (4 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Primeiro. Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 95-44450711 formalizado co Banco de Crédito Local no exercicio 2005 por importe de 700000,00 euros:**

## 1. Novas inversións a dotar:

Nº Proxecto/Aplic	Denominación	Importe (€)
453/C14/61900	Aglom. Cño. Campanario	5839.26
453/C7/61900	Aglom. Cño. Almieiras	11301.70
TOTAL-----		17140.96 €

## 2. Inversións substituídas polas anteriores:

Nº proxecto/Aplic.	Denominación	Importe (€)
453/B4/61900	Accesos polig. Vilar Colo	15.08 €
171/B2/61900	Obras prox. Obradoiro Ares Fene	17125.88 €
TOTAL-----		17140.96 €

**Segundo. Dar traslado á intervención e á tesourería municipais.**



**7. Aprobación, se procede, do expediente de modificación da finalidade do préstamo formalizado co BBVA no 2010 núm. 1/2014**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor grupo municipal do PP e 5 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a providencia da alcaldía de 25 de setembro de 2014 que se une ó expediente e no que se propón unha desafectación parcial do préstamo concertado co BBVA no exercicio 2005.

Considerando que o presente expediente tramítase paralelamente ó expediente de suplemento de crédito 2/2014, expediente no que se propón o incremento de determinadas aplicacións orzamentarias para facer fronte a determinados gastos cuxa execución non pode demorarse ó vindeiro exercicio e para as que non existe crédito adecuado e suficiente a nivel de vinculación xurídica no presente orzamento de 2014.

Así, con data de 9/07/2014 tivo entrada neste concello o convenio asinado coa Deputación Provincial en virtude do cal se establecen as bases de colaboración para a financiación das obras “Camiño de Ladeiro e Outros”. O importe do proxecto é de 73482.44 €. O convenio prevé que a financiación da Deputación sexa como máximo de 58798.95 € o que representa unha porcentaxe do 80% sendo necesario que o Concello efectúe, polo tanto, unha aportación do 20% restante. Esta aportación ascende a 14696.49 €.

En relación coas obras do proxecto de aglomerado do camiño de Almieiras na parroquia de Limodre, ó igual que no caso anterior, está asinado un convenio coa Deputación en data de 9 de xullo en virtude do cal esta entidade se compromete a unha financiación máxima do 80% do proxecto, isto é, de 69403.66 €, correspondendo ó concello a asunción do 20% restante (17350.92 €).

En último termo, en relación coas obras incluídas no proxecto Aglomerado no camiño de Campanario na parroquia de Limodre, tamén existe un convenio asinado coa Deputación Provincial en data de 9 de xullo en virtude do cal a aportación económica desta entidade é do 80% do importe do proxecto, isto é, de 31810.38 € correspondendo ó concello a asunción do 20% restante (7952.60 €).

Considerando que a día de hoxe as obras incluídas no POS 2009 atópanse rematadas e que os investimentos previstos nas aplicacións 920/1t/62500, 334/1m/62500 e 151/1v/6000 non van a ser executados desistíndose da execución do gasto, gastos que se financiaban co préstamo concertado no ano 2010 co Banco de Crédito Local concertado por un montante total de 463.705.85 €, faise necesario neste momento efectuar unha desafectación parcial do citado préstamo por importe de 16809.83 € para poder facer fronte á achega municipal para as obras do proxecto Camiño de Ladeiro e outros (en 14696.49 €) e asumir parcialmente parte da achega necesaria para as obras do proxecto de aglomerado no camiño do Campanario en 2113.34 €.

Resultando pois que existe un sobranse nos créditos afectados polo préstamo para a contratación destes investimentos.

E tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobranceiros constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxecto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 9546466969 formalizado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463.705.85 euros:

## 1. Novas inversións a dotar:

Nº Proxecto	Denominación	Importe (€)
453/C8/61900	Obras cño. Ladeiro	14696.49
453/C14/61900	Aglomerado cño. Campanario	2113.34
TOTAL-----		16809.83

## 2. Inversións substituídas polas anteriores:

Nª proxecto	Denominación	Importe (€)
453/1f/60103	Pos 2009	12884.33
920/1t/62500	Mobiliario	427.08
334/1m/62500	Proxectores, equipam.	2300
151/1v/60000	adquisición terreos	1198.42
TOTAL-----		16809.83

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 25 de setembro de 2014.  
O ALCALDE  
Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase dun sobranse que hai neste préstamo e que se queren dedicar a estas obras ás que se asocia.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que solicítalle ao concelleiro de Facenda unha aclaración respecto das finalidades deste crédito.

A continuación fai uso da palabra a interventora municipal que di que se os cartos que se desafectan son as que constan na proposta.

Neste momento auséntase da sesión o concelleiro Iván Puentes Rivera, cando son as 9.02 h.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 9 abstencións (3 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Primeiro. Aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo nº 9546466969 formalizado co BBVA no exercicio 2010 por importe de 463.705.85 euros:**

## 1. Novas inversións a dotar:

Nº Proxecto	Denominación	Importe (€)
453/C8/61900	Obras cño. Ladeiro	14696.49
453/C14/61900	Aglomerado cño. Campanario	2113.34
TOTAL-----		16809.83

## 2. Inversións substituídas polas anteriores:

Nº proxecto	Denominación	Importe (€)
453/1f/60103	Pos 2009	12884.33
920/1t/62500	Mobiliario	427.08
334/1m/62500	Proxectores, equipam.	2300

**151/1v/60000****adquisición terreos****1198.42****TOTAL----- 16809.83****Segundo. Dar traslado á intervención e á tesourería municipais.****8. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario núm. 3/2014**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 3 votos a favor grupo municipal do PP e 5 abstencións, (2 do grupo municipal socialista, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 3/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 03/2014 de créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 5008.32 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte:

Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:

Programa	Económico	Prox.	Descripción	Importe
453	76200	C15	Convenio Concello de Cabanas mellora infraestructura viaria	5008.32
			Total	5008.32

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Adquisición terreos	67582.14	5008.32	62573.82	Crédito sobrante

2º.- Financia-lo expediente nº 3/2014 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de

presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 25 de setembro de 2014.  
O alcalde,  
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de Facenda, Juan José Franco Casal, que di que trátase de crear partida para poder executar a obra incluída nun convenio asinado co Concello de Cabanas e achegar a parte que lle corresponde a Fene.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría simple por 6 votos a favor do grupo municipal do PP e 9 abstencións (3 do grupo municipal socialista, 5 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Aprobar o expediente nº 03/2014 de créditos extraordinarios financiados con baixas por anulación de créditos por un importe global de 5008.32 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte:**

**Aplicación orzamentarias que se crean mediante o crédito extraordinario:**

Programa	Económico	Prox.	Descrición	Importe
453	76200	C15	Convenio Concello de Cabanas mellora infraestrutura viaria	5008.32
<b>Total</b>				<b>5008.32</b>

**Medios de financiación do gasto**

**Proponse que a financiación se realice con cargo a baixas por anulación de créditos das seguintes partidas:**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO	Breve explicación da baixa na consignación sen perturbación dos servizos
CODIGO	DENOMINACION				
151/60000	Adquisición terreos	67582.14	5008.32	62573.82	Crédito sobrante

**2. Financia-lo expediente nº 3/2014 de crédito extraordinario con baixas por anulación de créditos.**

**3. De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.**

**4. O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas sustanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.**

**9. Aprobación, se procede, do inicio dun expediente de declaración de nulidade do acordo adoptado do Pleno do 04.09.2014 polo que se aprobaba o Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugarbos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e**



**Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente por unanimidade dos concelleiros presentes, na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 22.09.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

No Pleno ordinario do 04.09.2014, no seu punto 3, adoptouse un acordo relativo ao “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos. Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne”.

Logo de ver o informe da secretaría do 05.09.2014, que copiado di:

“INFORME DA SECRETARÍA

ASUNTO: Acordo relativo ao “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos. Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne”

ANTECEDENTES:

- Borrador de “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos. Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne”.
- Informe de secretaría do 13.08.2014 no que se sinala que o convenio require da maioría absoluta do número legal dos membros do Pleno do concello para a súa aprobación.
- Aprobación do “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos. Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne” polo Pleno do concello en sesión ordinaria do 04.09.2014 por maioría simple de 6 votos a favor do PP e 11 abstencións (5 do PSOE, 5 do BNG e 1 do grupo mixto).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

A aprobación do “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos. Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne” require da maioría absoluta do número legal dos membros do Pleno do concello.

Na sesión ordinaria do Pleno do concello de 04.09.2014 aprobouse o dito convenio coa maioría simple dos votos sen que, por erro e a pesares de que no expediente constaban os informes preceptivos que indicaban que a maioría necesaria era a absoluta, se advertira desde a secretaría que a dita aprobación non se podía producir posto que era necesaria a maioría absoluta.

Polo sinalado o acordo adoptado é nulo de pleno dereito conforme ó artigo 62.1.e) da Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP) “*Los dictados prescindiendo total y absolutamente del procedimiento legalmente establecido o de las normas que contienen las reglas esenciales para la formación de la voluntad de los órganos colegiados*”.

O artigo 102.1 da LRJAP sinala “*Las Administraciones públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 62.1*”.



Polo sinalado, este informante considera que o Pleno do concello debe declarar a nulidade de pleno dereito do acordo de aprobación por maioría simple do "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne" previo ditame favorable do Consello Consultivo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este é o meu informe, salvo mellor opinión fundada en dereito.

Fene, 5 de setembro de 2014  
O secretario accidental"

Logo de ver canto antecede e que o acordo relativo ao convenio de colaboración adoptado na sesión plenaria ordinaria do 04.09.2014 incorre en nulidade de pleno dereito polo que procede a súa revisión de oficio. Por iso, segundo a normativa vixente, propóñolle ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

1. Iniciar, de oficio, a apertura dun expediente coa finalidade de declarar a nulidade do acordo adoptado no punto 3 da sesión ordinaria do Concello Pleno do 04.09.2014, polo que se aproba por maioría simple o acordo relativo ao "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne".

2. Remitir o acordo coas actuacións feitas ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, para a emisión do preceptivo ditame.

Fene, 8 de setembro de 2014  
O alcalde  
Gumersindo Pedro Galego Feal"

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a orixe deste erro está na acción do goberno e por iso darán o apoio mínimo para que poida ser aprobado.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que estes son erros que se producen por parte da acción do goberno, así no Pleno pasado só se trouxo a aprobación do convenio e non do proxecto como se trae hoxe aquí. Roga que se fagan as cousas cun pouco máis de prudencia e atención.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría absoluta por 9 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 6 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**1. Iniciar, de oficio, a apertura dun expediente coa finalidade de declarar a nulidade do acordo adoptado no punto 3 da sesión ordinaria do Concello Pleno do 04.09.2014, polo que se aproba por maioría simple o acordo relativo ao "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne".**

**2. Remitir o acordo coas actuacións feitas ao Consello Consultivo da Xunta de Galicia, para a emisión do preceptivo ditame.**

**10. Aprobación, se procede, da aprobación do "Proxecto de eficiencia enerxética no alumeado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugardos, Neda, Paderne e Pontedeume"**



Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente con 5 votos a favor, (3 grupo municipal do PP e 2 do grupo municipal socialista), e 3 abstencións (2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 26.09.2014:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación do “Proxecto de eficiencia enerxética no alumado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugaridos, Neda, Paderne e Pontedeume”

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 181/2014 de data 27.02.2014, esta alcaldía mostra a intención/vontade de formar unha agrupación cos Concellos de Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugaridos, Neda, Paderne e Pontedeume, todos eles limítrofes, co fin de colaborar na xestión compartida do “Proxecto de eficiencia enerxética no alumado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugaridos, Neda, Paderne e Pontedeume”, sendo o ámbito territorial da actuación a dos ditos municipios, e manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 18.06.2014 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2014) o Instituto Enerxético de Galicia ditou a Resolución pola que se concede aos Concellos de Cabanas, Mugaridos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne unha subvención para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2013 (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014), código de expediente: IN417P/14A57.

Os Concellos de Cabanas, Mugaridos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne redactan conxuntamente o “Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugaridos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugaridos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne”.

Constan os informes da secretaría do 13.08.2014 e da intervención do 21.08.2014 respecto da aprobación do convenio arriba sinalado.

Constan o informe do enxeñeiro de camiños municipal do 19.08.2014 e o informe complementario do 08.09.2014, que conclúe:

“Á vista da documentación complementaria aportada e considerando que se da resposta aos requerimentos plantexados no informe inicial: asinado do documento polo autor; xustificación da existencia comercial das lámpadas propostas; descomposición de prezos; xustificación do aforro e amortización da inversión; etc., procede informe favorable ao proxecto (.../...)”

Consta o informe da secretaría do 25.09.2014 respecto do proxecto.

De acordo co anterior, propóñolle ao Pleno do Concello que acorde:

Primeiro. Aprobar o “Proxecto de eficiencia enerxética no alumado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugaridos, Neda, Paderne e Pontedeume”, redactado por Juan Manuel Rey Gómez, enxeñeiro técnico industrial (colexiado Núm. 2063 COETICOR), rexistrado coa entrada 7939 do 05.09.2014, respecto da parte correspondente ao Concello de Fene.

Fene, 25 de setembro de 2014  
O alcalde  
Gumersindo Pedro Galego Feal”

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que quere deixar constancia no Pleno o que di o enxeñeiro municipal no seu informe respecto da necesidade de permisos doutras administracións para a execución do proxecto.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría absoluta por 9 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 1 do grupo municipal socialista, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do**





grupo mixto municipal) e 6 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 4 do grupo municipal do BNG).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Primeiro. Aprobar o "Proxecto de eficiencia enerxética no alumeado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugar dos, Neda, Paderne e Pontedeume", redactado por Juan Manuel Rey Gómez, enxeñeiro técnico industrial (colexiado Núm. 2063 COETICOR), rexistrado coa entrada 7939 do 05.09.2014, respecto da parte correspondente ao Concello de Fene.**

**11. Aprobación, se procede, do acordo relativo ao Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne**

Consta no expediente a seguinte proposta que foi ditaminada favorablemente 4 votos a favor (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG) e 2 abstencións, (1 do grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto municipal), na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 22.09.2014:

"PROPOSTA DO CONCELEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FACENDA PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN E EMPREGO

Mediante Resolución da Alcaldía núm 181/2014 de data 27.02.2014, esta alcaldía mostra a intención/vontade de formar unha agrupación cos Concellos de Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugar dos, Neda, Paderne e Pontedeume, todos eles limítrofes, co fin de colaborar na xestión compartida do "Proxecto de eficiencia enerxética no alumeado público na agrupación dos concellos Cabanas, A Capela, Ares, Fene, Miño, Mugar dos, Neda, Paderne e Pontedeume", sendo o ámbito territorial da actuación a dos ditos municipios, e manter a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O 18.06.2014 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2014) o Instituto Enerxético de Galicia ditou a Resolución pola que se concede aos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne unha subvención para a renovación de instalacións de iluminación pública exterior existentes ao abeiro da Resolución do 23 de decembro de 2013 (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014), código de expediente: IN417P/14A57.

Os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne redactan conxuntamente o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne".

Tendo en conta o anterior, visto o informe de secretaría de 13.08.2014 e de intervención de 21.08.2014, PROPONSE Ó PLENO, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos económicos, facenda e especial de contas, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne", que se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE PARA AS OBRAS DE PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE.

Inega - IDAE - Feder Galicia (2007-2013)



En Cabanas, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2014.

#### REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permuy ,con N.I.F. 32626020 Z, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugar dos, Xosé Fernández Barcia, con N.I.F.32554596M, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con N.I.F.32649797D, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo Pedro Galego Feal,con N.I.F.76404133L , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Neda, José Ignacio G. Cabezón Lorenzo,con N.I.F. 32612712T, en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de A Capela, Manuel Meizoso López, con N.I.F. 32652404V , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Pontedeume, Gabriel Torrente Piñeiro, con N.I.F. 32622219P , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Miño, Jesús Veiga Sabín, con N.I.F.32626043Z , en nome e representación do referido concello.

Outra parte, o Alcalde do Concello de Paderne, César Longo Queijo, con N.I.F. 32403032B , en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, solicitado ao abeiro da Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existente nos concellos de Galicia (ILE), no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega do día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 e concedida una subvención por importe de 178.975,54€ por Resolución de data 18 de Xuño de 2014.

#### EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda

da xestión a outros concellos, cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA** das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

Sexto.- Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Sétimo.- Na propia resolución de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 4 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, faise constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA** do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, redactado por Juan Manuel Rey Gómez, por un importe total de 174.016,08 € máis 36.543,38 € de IVE, dando un total de 210.559,46 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. OBXECTO

Créase unha agrupación entre o Concello de Cabanas, o Concello de Mugar dos, o Concello de Ares, o Concello de Fene, o Concello de Neda, o Concello de A Capela, o Concello de Pontedeume, o Concello de Miño e o Concello de Paderne, para colaborar na xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne" redactado por Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2014, sobre a base do disposto na Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de



renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio subscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014 e posterior Resolución de concesión de subvención por Resolución de data 18 de Xuño de 2014 (DOG 4 de Xullo de 2014).

#### Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS.

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne.

En concreto, as instalacións previstas no citado proxecto sitúanse nas seguintes zonas:

- Zonas de O Sardiñas, A Casilla (termo municipal de Cabanas)
- Zonas de Rúa Casas, Rúa San Victorio, Rúa Chousa (termo municipal de Mugardos)
- Zonas de Os Castros, O Raso (termo municipal de Ares)
- Zonas de Estrada Palma, Pedrón, Estrada Ribeira Maniños (termo municipal de Fene)
- Zonas de Toeireira (Cadro 2), Fausto Cansado, Roxal (termo municipal de Neda)
- Zona de Sande, Mourente e Cruce Capilla (termo municipal de A Capela)
- Zona de Esteiro, Esteiro 2 (Lourido), Campolongo (termo municipal de Pontedeume)
- Zona de Travesía 2 Perbes, Travesía 3 Perbes, Travesía Perbes (termo municipal de Miño)
- Zona de Porto, Areas (termo municipal de Paderne)

En todo caso, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización das obras.

#### Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA.

Desígnase ao Concello de Cabanas (este é o concello representante) como xestor do proxecto denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne"

Esta encomenda suporá as tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante o Inega.
- Tramitación do expediente de contratación das obras relativas ao conxunto das instalacións previstas.
- Xustificación posterior dos investimentos

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade dos concellos encomendantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

#### Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE CABANAS COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Cabanas asumirá os compromisos seguintes:

1.- O Concello de Cabanas será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade



convocante da axuda (Inega), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos traballos.

2.- Facultase á Alcaldía de Cabanas para que represente a todos os concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.

3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Resolución do 18 de Xuño de 2014 , xa citada.

4.- Comprometerse a respectar o destino das instalación subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

5.- Así mesmo o Concello de Cabanas comprométese a facilitar, se é o caso, aos restantes membros da agrupación que así o soliciten, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar como representante da agrupación.

#### Quinta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS RESTANTES CONCELLOS DA AGRUPACIÓN.

Coa sinatura do presente Convenio os referidos Concellos asumirán os compromisos seguintes:

1.- Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitarán toda a documentación esixida na Resolución de convocatoria da axuda do Inega.

2.- Así mesmo deberán poñer a disposición do Concello de Cabanas os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras. Igualmente asumirse a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario.

Concederese, se é o caso, a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento.

De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Cabanas (representante da agrupación), aos efectos de constancia no expediente correspondente.

3.- Con respecto á tramitación do expediente de contratación será o Concello de Cabanas quen licite as obras.

4.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda como achega ao proxecto, unha vez que se aprobe polo órgano competente do Concello o presente convenio e así poder iniciar o expediente de contratación.

O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria de titularidade do Concello de Cabanas:  
ES1320800201983110000052

5.- Asumir todas as condicións e prescricións da Resolución do 18 de Xuño de 2014, anteriormente mencionada.

6.- Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

#### Sexta. PRESUPOSTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO

O presuposto para a execución do proxecto de "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne " ascende á

cantidade total de 210.559,46 € (IVE incluído), dos que 8.334,14 € (IVE incluído) correspondente á actuación a desenvolver no Concello de Cabanas, 55.246,08 € (IVE incluído) no Concello de Mugar dos, 28.299,79 € (IVE incluído) no Concello de Ares, 21.921,04 € (IVE incluído) no Concello de Fene, 36.066,62€ (IVE incluído) no Concello de Neda, 12.944,70 € (IVE incluído) no Concello de A Capela, 20.178,76 € (IVE incluído) no Concello de Pontedeume, 17.808,68 € (IVE incluído) no Concello de Miño e 9.759,64 € (IVE incluído) no Concello de Paderne tal e como se reflicte nos seguintes cadros orzamentarios:

INVESTIMENTO TOTAL DESAGREGADO DO PROXECTO CONXUNTO			
Investimentos parciais	Orzamento sen IVE	IVE	Orzamento total
Concello de Cabanas	6.887,72 €	1.446,42 €	8.334,14 €
Concello de Mugar dos	45.657,92 €	9.588,16 €	55.246,08 €
Concello de Ares	23.388,26 €	4.911,53 €	28.299,79 €
Concello de Fene	18.116,56 €	3.804,48 €	21.921,04 €
Concello de Neda	29.807,12 €	6.259,50 €	36.066,62 €
Concello de A Capela	10.698,10 €	2.246,60 €	12.944,70 €
Concello de Pontedeume	16.676,66 €	3.502,10 €	20.178,76 €
Concello de Miño	14.717,92 €	3.090,76 €	17.808,68 €
Concello de Paderne	8.065,82 €	1.693,82 €	9.759,64 €
<b>TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS</b>	<b>174.016,08 €</b>	<b>36.543,38 €</b>	<b>210.559,46 €</b>

APORTACIÓNS DOS CONCELLOS AGRUPADOS			
Concello	Orzamento total (con IVE)	Importe da axuda (*)	Achega municipal
Concello de Cabanas	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €
Concello de Mugar dos	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €
Concello de Ares	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €
Concello de Fene	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €
Concello de Neda	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,70 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €
Concello de Miño	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €
<b>TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>178.975,54 €</b>	<b>31.583,91 €</b>

\*Segundo Resolución do 18 de xuño de 2014 ascende ao 85%

#### Sétima. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO.

Cada un dos Concellos asumirá a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

Por conseguinte, o custo das obras para o Concello de Cabanas supón a cantidade de 1.250,12 € (IVE incluído), para o Concello de Mugar dos a cantidade de 8.286,91 € (IVE incluído), para o Concello de Ares a cantidade de 4.244,97 € (IVE incluído), para o Concello de Fene a cantidade de 3.288,16 € (IVE incluído), para o Concello de Neda a cantidade de 5.409,99 € (IVE incluído), o Concello de A Capela a cantidade de 1.941,71€ (IVE incluído), o Concello de Pontedeume a



cantidade de 3.026,81€ (IVE incluído), o Concello de Miño a cantidade de 2.671,30€ (IVE incluído) e no Concello de Paderne a cantidade de 1.463,95 € (IVE incluído). Todo iso sen prexuízo das posibles baixas que se poidan producir como consecuencia do proceso de contratación do conxunto das obras por parte do Concello de Cabanas , o que suporía unha diminución proporcional da contía da axuda.

En todo caso, os Concellos de Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne deberán ingresar nas Arcas Municipais do Concello de Cabanas a cantidade de aportación propia que lle corresponda, antes do inicio do expediente de contratación, para poder certificar a existencia de consignación orzamentaria de conformidade co establecido no TRLCSP e no TRLRFL.

De acordo coa Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013, os pagos que se deriven das obras deberán realizarse por parte do concello representante da agrupación, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto no artigo 21 das Bases reguladoras é o día 31 Outubro 2014, sen prexuízo da prorroga que puidera concederse ampliando esta data.

Para a execución de dito pago os restantes Concellos da agrupación deberán efectuar con cinco días de antelación a data límite de pago a cantidade correspondente ao custo total da actuación en cada Concello descontado a cantidade ingresada de acordo ca cláusula quinta en concepto de aportación propia e de ser o caso a cantidade proporcional correspondente ao 15% de anticipo se fose concedido de acordo co artigo 23 da Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013 e solicitado en data 10 Marzo de 2014.

Concello	Orzamento total	Investimento elixible	Importe axuda (85%)	Achega Municipal	Anticipo 25% (*)	A Ingresar
Concello de Cabanas	8.334,14 €	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €	1.771,01 €	5.313,02 €
Concello de Mugar dos	55.246,08 €	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €	11.739,79 €	35.219,38 €
Concello de Ares	28.299,79 €	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €	6.013,71 €	18.041,12 €
Concello de Fene	21.921,04 €	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €	4.658,22 €	13.974,66 €
Concello de Neda	36.066,62 €	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €	7.664,16 €	22.992,47 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,71 €	2.750,75 €	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €	4.287,99 €	12.863,96 €
Concello de Miño	17.808,68 €	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €	3.784,35 €	11.353,04 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €	2.073,92 €	6.221,77 €
<b>TOTAIS</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>178.975,54 €</b>	<b>31.583,92 €</b>	<b>44.743,89 €</b>	<b>134.231,65 €</b>

\*Datos estimados supoñendo un anticipo do 25%.

Logo da xustificación do proxecto e posterior ingreso por parte da Comunidade Autónoma da subvención concedida, o Concello de Cabanas transferirá nos cinco días seguintes o importe de subvención correspondente a cada Concello.

No caso de que resulte minorada a subvención pola Comunidade Autónoma, dita minoración será asumida polo Concello obxecto da mesma ou en todo caso de tratarse dunha minoración conxunta será asumida polos Concellos en proporción a súa participación .

Concello	IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA A DEVOLVER
----------	---------------------------------------



Concello de Cabanas	5.313,02 €
Concello de Mugardos	35.219,38 €
Concello de Ares	18.041,12 €
Concello de Fene	13.974,66 €
Concello de Neda	22.992,47 €
Concello de A Capela	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	12.863,96 €
Concello de Miño	11.353,04 €
Concello de Paderne	6.221,77 €
TOTAIS	134.231,65 €

#### Oitava. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na arde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- incumplimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumplimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

#### Novena. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente Convenio quedará automaticamente sen efecto no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita do Inega.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será de 5 anos aos efectos de xustificación dos fondos Feder Galicia 2007-2013.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por decuplicado exemplar.

O Alcalde de Cabanas

O Alcalde de Mugardos

Asdo.: Germán Castrillón Permuy

Asdo.: Xosé Fernández Barcia

O Alcalde de Ares

O Alcalde de Fene



Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo

O Alcalde de Neda

Asdo.: José Ignacio G. Cabezón Lorenzo

O Alcalde de Pontedeume

Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro

O Alcalde de Paderne

Asdo.: César Longo Queijo"

Asdo.: Gumersindo Galego Feal

O Alcalde de A Capela

Asdo.: Manuel Meizoso López

O Alcalde de Miño

Asdo.: Jesús Sabín Veiga

SEGUNDO.- Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.

TERCEIRO.- Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Fene, 8 de setembro de 2014

O concelleiro

Juan José Franco Casal"

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que nos proxectos de eficiencia enerxética se leva invertendo dende hai moitos anos sen que a factura da enerxía se reduza ningún ano, por iso pide que logo de feito o investimento e pasado o ano se comprobe se a inversión ten impacto real no consumo xa que, se cadra, hai que reformular a actuación dos concellos neste eido.

Seguidamente intervén o alcalde que que no último proxecto de eficiencia enerxética constaba como anexo o que suporía o aforro ao ano as actuacións, tamén estase instalando algún punto de luz novo que redundo no consumo.

**Sometido o asunto a votación foi aprobada por maioría absoluta por 9 votos a favor (6 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG) e 6 abstencións (1 do grupo municipal socialista, 4 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto municipal).**

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

**Primeiro. Aprobar o "Convenio de colaboración entre os Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos Concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne", que se transcribe a continuación:**

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE PARA AS OBRAS DE PROXECTO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DE CABANAS, MUGARDOS, ARES, FENE, NEDA, A CAPELA, PONTEDEUME, MIÑO E PADERNE.**

**Inega – IDAE – Feder Galicia (2007-2013)**

En Cabanas, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2014.

**REUNIDOS**

**Dunha parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Germán Castrillón Permuy ,con N.I.F. 32626020 Z, en nome e representación do referido concello.**



**Doutra parte, o Alcalde do Concello de Mugardos, Xosé Fernández Barcia, con N.I.F.32554596M, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con N.I.F.32649797D, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Fene, Gumersindo Pedro Galego Feal, con N.I.F.76404133L, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Neda, José Ignacio G. Cabezón Lorenzo, con N.I.F. 32612712T, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de A Capela, Manuel Meizoso López, con N.I.F. 32652404V, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Pontedeume, Gabriel Torrente Piñeiro, con N.I.F. 32622219P, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Miño, Jesús Veiga Sabín, con N.I.F.32626043Z, en nome e representación do referido concello.**

**Outra parte, o Alcalde do Concello de Paderne, César Longo Queijo, con N.I.F. 32403032B, en nome e representación do referido concello.**

**Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).**

**Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, solicitado ao abeiro da Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existente nos concellos de Galicia (ILE), no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega do día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013 e concedida una subvención por importe de 178.975,54€ por Resolución de data 18 de Xuño de 2014.**

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.**

**O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.**

**Segundo.- O artigo 15 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda da xestión a outros concellos, cando existan**

razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

**Terceiro.-** A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e **POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA** das actuacións públicas. A prestación dos servizos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición como de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

**Cuarto.-** Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

**Quinto.-** Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos, de forma e maneira que o impacto da crise económica sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos reduzan en parte a crítica situación económica dalgúns concellos.

**Sexto.-** Tanto a LRBRL como a LALGA e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

**Sétimo.-** Na propia resolución de convocatoria determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de agrupación de concellos, establecéndose no artigo 4 das Bases reguladoras que tales agrupacións poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, faise constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe da subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Oitavo.-** Por todo o anterior, na actual situación de crise xa aludida, a xestión compartida de servizos configúranse como unha das posibles solucións para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes **ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA** do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública, redactado por Juan Manuel Rey Gómez, por un importe total de 174.016,08 € máis 36.543,38 € de IVE, dando un total de 210.559,46 €, mediante o presente convenio segundo as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. OBXECTO**

Créase unha agrupación entre o Concello de Cabanas, o Concello de Mugardos, o Concello de Ares, o Concello de Fene, o Concello de Neda, o Concello de A Capela, o Concello de Pontedeume, o Concello de Miño e o Concello de Paderne, para colaborar na xestión compartida do proxecto de mellora da eficiencia enerxética e iluminación pública,

denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne" redactado por Juan Manuel Rey Gómez en xuño de 2014, sobre a base do disposto na Resolución do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2014 de aforro e eficiencia enerxética a proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 18, do 28 de xaneiro de 2014 e posterior Resolución de concesión de subvención por Resolución de data 18 de Xuño de 2014 (DOG 4 de Xullo de 2014).

#### **Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS.**

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne.

En concreto, as instalacións previstas no citado proxecto sitúanse nas seguintes zonas:

- Zonas de O Sardiñas, A Casilla (termo municipal de Cabanas)
- Zonas de Rúa Casas, Rúa San Victorio, Rúa Chousa (termo municipal de Mugar dos)
- Zonas de Os Castros, O Raso (termo municipal de Ares)
- Zonas de Estrada Palma, Pedrón, Estrada Ribeira Maniños (termo municipal de Fene)
- Zonas de Toeira (Cadro 2), Fausto Cansado, Roxal (termo municipal de Neda)
- Zona de Sande, Mourente e Cruce Capilla (termo municipal de A Capela)
- Zona de Esteiro, Esteiro 2 (Lourido), Campolongo (termo municipal de Pontedeume)
- Zona de Travesía 2 Perbes, Travesía 3 Perbes, Travesía Perbes (termo municipal de Miño)
- Zona de Porto, Areas (termo municipal de Paderne)

En todo caso, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización das obras.

#### **Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA.**

Desígnase ao Concello de Cabanas (este é o concello representante) como xestor do proxecto denominado "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, ares, Fene, Neda, a capela, Pontedeume, Miño e Paderne"

Esta encomenda suporá as tramitacións administrativas seguintes:

- Tramitación e seguimento do expediente de subvención ante o Inega.
- Tramitación do expediente de contratación das obras relativas ao conxunto das instalacións previstas.
- Xustificación posterior dos investimentos

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade dos concellos encomendantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.



**Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE CABANAS COMO REPRESENTANTE DA AGRUPACIÓN.**

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Cabanas asumirá os compromisos seguintes:

- 1.- O Concello de Cabanas será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Inega), como os relativos ao expediente de contratación e seguimento da execución do conxunto dos traballos.
- 2.- Facultase á Alcaldía de Cabanas para que represente a todos os concellos integrantes da agrupación tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.
- 3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Resolución do 18 de Xuño de 2014 , xa citada.
- 4.- Comprometerse a respectar o destino das instalación subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.
- 5.- Así mesmo o Concello de Cabanas comprométese a facilitar, se é o caso, aos restantes membros da agrupación que así o soliciten, toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar como representante da agrupación.

**Quinta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLOS RESTANTES CONCELLOS DA AGRUPACIÓN.**

Coa sinatura do presente Convenio os referidos Concellos asumirán os compromisos seguintes:

- 1.- Con respecto á tramitación do expediente de solicitude e xustificación de subvención, facilitarán toda a documentación esixida na Resolución de convocatoria da axuda do Inega.
- 2.- Así mesmo deberán poñer a disposición do Concello de Cabanas os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización das obras. Igualmente asumirase a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario.  
Concederase, se é o caso, a preceptiva licenza de obra para proceder á realización do investimento.  
De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de Cabanas (representante da agrupación), aos efectos de constancia no expediente correspondente.
- 3.- Con respecto á tramitación do expediente de contratación será o Concello de Cabanas quen licite as obras.
- 4.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda como achega ao proxecto, unha vez que se aprobe polo órgano competente do Concello o presente convenio e así poder iniciar o expediente de contratación.

O ingreso efectuarase na seguinte conta bancaria de titularidade do Concello de Cabanas: ES1320800201983110000052

- 5.- Asumir todas as condicións e prescricións da Resolución do 18 de Xuño de 2014, anteriormente mencionada.

6.- Comprometerse a respectar o destino do investimento por un período mínimo de 5 anos contados desde a súa xustificación, quedando os investimentos afectos á actividade subvencionada.

**Sexta. PRESUPOSTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO**

O presuposto para a execución do proxecto de "proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne para as obras de proxecto de eficiencia enerxética nos alumeados públicos dos concellos de Cabanas, Mugar dos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne " ascende á cantidade total de 210.559,46 € (IVE incluído), dos que 8.334,14 € (IVE incluído) correspondente á actuación a desenvolver no Concello de Cabanas, 55.246,08 € (IVE incluído) no Concello de Mugar dos, 28.299,79 € (IVE incluído) no Concello de Ares, 21.921,04 € (IVE incluído) no Concello de Fene, 36.066,62€ (IVE incluído) no Concello de Neda, 12.944,70 € (IVE incluído) no Concello de A Capela, 20.178,76 € (IVE incluído) no Concello de Pontedeume, 17.808,68 € (IVE incluído) no Concello de Miño e 9.759,64 € (IVE incluído) no Concello de Paderne tal e como se reflicte nos seguintes cadros orzamentarios:

<b>INVESTIMENTO TOTAL DESAGREGADO DO PROXECTO CONXUNTO</b>			
<b>Investimentos parciais</b>	<b>Orzamento sen IVE</b>	<b>IVE</b>	<b>Orzamento total</b>
Concello de Cabanas	6.887,72 €	1.446,42 €	8.334,14 €
Concello de Mugar dos	45.657,92 €	9.588,16 €	55.246,08 €
Concello de Ares	23.388,26 €	4.911,53 €	28.299,79 €
Concello de Fene	18.116,56 €	3.804,48 €	21.921,04 €
Concello de Neda	29.807,12 €	6.259,50 €	36.066,62 €
Concello de A Capela	10.698,10 €	2.246,60 €	12.944,70 €
Concello de Pontedeume	16.676,66 €	3.502,10 €	20.178,76 €
Concello de Miño	14.717,92 €	3.090,76 €	17.808,68 €
Concello de Paderne	8.065,82 €	1.693,82 €	9.759,64 €
<b>TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS</b>	<b>174.016,08 €</b>	<b>36.543,38 €</b>	<b>210.559,46 €</b>

<b>APORTACIÓNS DOS CONCELOS AGRUPADOS</b>			
<b>Concello</b>	<b>Orzamento total (con IVE)</b>	<b>Importe da axuda (*)</b>	<b>Achega municipal</b>
Concello de Cabanas	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €
Concello de Mugar dos	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €
Concello de Ares	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €
Concello de Fene	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €
Concello de Neda	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €
Concello de A Capela	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,70 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €
Concello de Miño	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €
<b>TOTAL INVESTIMENTO CONCELLOS</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>178.975,54 €</b>	<b>31.583,91 €</b>



**\*Segundo Resolución do 18 de xuño de 2014 ascende ao 85%**

**Sétima. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCIERO.**

Cada un dos Concellos asumirá a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

Por conseguinte, o custo das obras para o Concello de Cabanas supón a cantidade de 1.250,12 € (IVE incluído), para o Concello de Mugardos a cantidade de 8.286,91 € (IVE incluído), para o Concello de Ares a cantidade de 4.244,97 € (IVE incluído), para o Concello de Fene a cantidade de 3.288,16 € (IVE incluído), para o Concello de Neda a cantidade de 5.409,99 € (IVE incluído), o Concello de A Capela a cantidade de 1.941,71€ (IVE incluído), o Concello de Pontedeume a cantidade de 3.026,81€ (IVE incluído), o Concello de Miño a cantidade de 2.671,30€ (IVE incluído) e no Concello de Paderne a cantidade de 1.463,95 € (IVE incluído). Todo iso sen prexuízo das posibles baixas que se poidan producir como consecuencia do proceso de contratación do conxunto das obras por parte do Concello de Cabanas , o que suporía unha diminución proporcional da contía da axuda.

En todo caso, os Concellos de Mugardos, Ares, Fene, Neda, A Capela, Pontedeume, Miño e Paderne deberán ingresar nas Arcas Municipais do Concello de Cabanas a cantidade de aportación propia que lle corresponda, antes do inicio do expediente de contratación, para poder certificar a existencia de consignación orzamentaria de conformidade co establecido no TRLCSP e no TRLRFL.

De acordo coa Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013, os pagos que se deriven das obras deberán realizarse por parte do concello representante da agrupación, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto no artigo 21 das Bases reguladoras é o día 31 Outubro 2014, sen prexuízo da prorroga que puidera concederse ampliando esta data.

Para a execución de dito pago os restantes Concellos da agrupación deberán efectuar con cinco días de antelación a data límite de pago a cantidade correspondente ao custo total da actuación en cada Concello descontado a cantidade ingresada de acordo ca cláusula quinta en concepto de aportación propia e de ser o caso a cantidade proporcional correspondente ao 15% de anticipo se fose concedido de acordo co artigo 23 da Resolución de convocatoria do 23 de decembro de 2013 e solicitado en data 10 Marzo de 2014.

Concello	Orzamento total	Investiment o elixible	Importe axuda (85%)	Achega Municipal	Anticipo 25%(*)	A Ingresar
Concello de Cabanas	8.334,14 €	8.334,14 €	7.084,02 €	1.250,12 €	1.771,01 €	5.313,02 €
Concello de Mugardos	55.246,08 €	55.246,08 €	46.959,17 €	8.286,91 €	11.739,79 €	35.219,38 €
Concello de Ares	28.299,79 €	28.299,79 €	24.054,82 €	4.244,97 €	6.013,71 €	18.041,12 €
Concello de Fene	21.921,04 €	21.921,04 €	18.632,88 €	3.288,16 €	4.658,22 €	13.974,66 €
Concello de Neda	36.066,62 €	36.066,62 €	30.656,63 €	5.409,99 €	7.664,16 €	22.992,47 €
Concello de Capela A	12.944,70 €	12.944,70 €	11.003,00 €	1.941,71 €	2.750,75 €	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	20.178,76 €	20.178,76 €	17.151,95 €	3.026,81 €	4.287,99 €	12.863,96 €

Concello de Miño	17.808,68 €	17.808,68 €	15.137,38 €	2.671,30 €	3.784,35 €	11.353,04 €
Concello de Paderne	9.759,64 €	9.759,64 €	8.295,69 €	1.463,95 €	2.073,92 €	6.221,77 €
<b>TOTAIS</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>210.559,46 €</b>	<b>178.975,54 €</b>	<b>31.583,92 €</b>	<b>44.743,89 €</b>	<b>134.231,65 €</b>

\*Datos estimados supoñendo un anticipo do 25%.

Logo da xustificación do proxecto e posterior ingreso por parte da Comunidade Autónoma da subvención concedida, o Concello de Cabanas transferirá nos cinco días seguintes o importe de subvención correspondente a cada Concello.

No caso de que resulte minorada a subvención pola Comunidade Autónoma, dita minoración será asumida polo Concello obxecto da mesma ou en todo caso de tratarse dunha minoración conxunta será asumida polos Concellos en proporción a súa participación .

Concello	IMPORTE DA AXUDA CONCEDIDA A DEVOLVER
Concello de Cabanas	5.313,02 €
Concello de Mugardos	35.219,38 €
Concello de Ares	18.041,12 €
Concello de Fene	13.974,66 €
Concello de Neda	22.992,47 €
Concello de A Capela	8.252,24 €
Concello de Pontedeume	12.863,96 €
Concello de Miño	11.353,04 €
Concello de Paderne	6.221,77 €
<b>TOTAIS</b>	<b>134.231,65 €</b>

#### Oitava. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á resolución de convocatoria das subvencións.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na arde xurisdiccional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- incumplimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumplimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.



**Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.**

**Novena. VIXENCIA DO CONVENIO.**

**O presente Convenio quedará automaticamente sen efecto no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita do Inega.**

**No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será de 5 anos aos efectos de xustificación dos fondos Feder Galicia 2007-2013.**

**Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por decuplicado exemplar.**

**O Alcalde de Cabanas**

**Asdo.: Germán Castrillón Permuy**

**O Alcalde de Ares**

**Asdo.: Julio Ignacio Iglesias Redondo**

**O Alcalde de Neda**

**Asdo.: José Ignacio G. Cabezón Lorenzo**

**O Alcalde de Pontedeume**

**Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro**

**O Alcalde de Paderne**

**Asdo.: César Longo Queijo"**

**O Alcalde de Mugardos**

**Asdo.: Xosé Fernández Barcia**

**O Alcalde de Fene**

**Asdo.: Gumersindo Galego Feal**

**O Alcalde de A Capela**

**Asdo.: Manuel Meizoso López**

**O Alcalde de Miño**

**Asdo.: Jesús Sabín Veiga**

**Segundo. Facultar ó alcalde do Concello de Fene para realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento aos compromisos asumidos no devandito convenio.**

**Terceiro. Proceder á publicación do presente acordo, co contido do convenio, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.**

Ao non haber máis asuntos que tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9.12 h., de todo o que como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario en réxime de acumulación

Gumersindo Pedro Galego Feal

Alejandro Antelo Martínez